



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre		Código	652G03030
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	hector.pose@udc.es	
Profesorado	Barba Núñez, María Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	maria.barba@udc.es hector.pose@udc.es	
Web	<a href="http://www.udc.es/dep/pdce/HectorPose">www.udc.es/dep/pdce/HectorPose</a>			
Descripción xeral	Na materia abordaremos o tempo libre e a experiencia do ocio, tomando en consideración diferentes variables (idade, xénero, socioculturais, diversidade funcional, etc.) e a súa incidencia. Coñeceremos a pedagogía do ocio como área de traballo da educación social, así como factores e recursos a ter presentes na súa intervención. Promoverase a experiencia práctica e o diálogo con profesionais. Preténdese que o alumnado comprenda o ocio como dereito e como unha das dimensións de calidade de vida das persoas, integrando o traballo con esta dimensión nos diferentes ámbitos de exercicio profesional.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios, salvo naqueles eminentemente prácticos, que se adaptarán ás condicións.</p> <p>2. Metodoloxías Mantéñense as metodoloxías docentes. Para as sesión maxistrais, cólgase no Moodle un vídeo-explicativo no que se narra a presentación de power point, acompañado dalgunha actividade de proba mixta e lectura de reforzó da aprendizaxe. Durante o horario de expositivas a profesora estará conectada para resolver as dúbihdas que poidan xurdir. Nas interactivas, mantense a dinámica de traballo por grupos de aprendizaxe colaborativa, a través do chat de Teams habilitado pola profesora para cada grupo. Participar nesta metodoloxía de traballo implica conectarse a través do Teams no horario de interactivas. No horario das interactivas e no traballo autónomo do alumnado, desenvólvense as metodoloxías de: aprendizaxe colaborativa: estudo de casos , discusión dirixida, lecturas e simulación, proba de ensaio (computa na avaliación)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Moodle: Permanentemente actualizado. Cógase cada semana o vídeo referido á sesión expositiva e tarefas asociadas. É necesaria a súa consulta, dado que é a ferramenta que ofrece con claridade a visualización dos contidos abordados e tarefas asociadas.</p> <p>Teams: Convértese no nova aula. Semanalmente, no horario de interactivas, faise unha chamada grupal dirixida a clarificar dúbihdas sobre o ?vídeo-presentación? desa semana e a explicar a dinámica de traballo da interactiva. Créanse ?Grupos de Chat? para cada un dos grupos de aprendizaxe colaborativa.</p> <p>Correo electrónico: como vía de comunicación co alumnado, especialmente na clarificación de dúbihdas que poidan xurdir.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Portafolio (50%). Mantéñense as condicións da súa elaboración.</p> <p>Proba de ensaio (35%). Mantéñense as condicións da súa elaboración pero de forma non presencial. A proba realizaña na data do exame, contando con todo o día para a súa realización. A proba estará habilitada no Moodle dende as 9:00 ás 23:55. De 9:00 a 10:00 e no horario do exame (de 16:00 a 19:00) a profesora estará dispoñible para consultas que precisen facer. O propio día do exame colgaranxe dous textos. Deben seleccionar un deles para facer o comentario, que terá unha extensión máxima de 1500 palabras.</p> <p>Actividades individuais (15%). Dirixidas á reflexividade en torno a realidades sociais ou formas de intervención, situándo ao alumnado en relación aos contidos abordados na materia. Estas actividades vanse subindo ao Moodle, acompañando o desenvolvemento da materia e deben ser entregadas nos tempos establecidos para cada unha delas.</p> <p>*Observacións de avaliación: O metodoloxía de avaliación non se verá alterada.</p> <p>Para o alumnado con modalidade non presencial mantéñense as condicións anteriores. No caso de alumnado con necesidades específicas, acórdase coa persoa e coa ADI a metodoloxía docente e de avaliación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: ningunha</p>
----------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer a terminoloxía específica da pedagogía do lecer o do tempo libre		A1 A5 A6 A9	B1 B4
Analizar os tempos sociais e as posibilidades educativas e de promoción da calidade de vida do tempo libre		A5 A11	C6 C7



Elaborar e xestionar medios e recursos para intervención no tempo libre	A15 A19 A21	B3 B6	C6
Coñecer as claves teóricas e metodolóxicas da pedagogía do ocio	A6 A7 A9 A15 A19 A21		
Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan presentar, defender e desenvolver proxectos cara o tempo libre	A7 A11 A20	B6	C1 C3 C5 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Lecer e tempo libre na sociedade contemporánea e as súas potencialidades educativas.	1.1. Os tempos sociais. 1.2. Lecer e tempo libre. 1.3. Pedagogía do lecer.
2. A acción-intervención educativa no tempo libre.	2.1. Espazos, ámbitos e contextos da acción-intervención no tempo libre. 2.2. Estratexias de dinamización do tempo libre.
3. A animación teatral como ferramenta de intervención no tempo libre en múltiples contextos.	3.1 Xenealoxía da animación teatral. 3.2 A súa práctica.
4. Unha programación: elaboración e deseño	4.1 Pasos e factores a ter presentes na elaboración dunha programación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A5 A7 A9 A21	15	10	25
Aprendizaxe colaborativa	A20	9	0	9
Estudo de casos	B1 B3 B4	4	29	33
Discusión dirixida	B6	3	5	8
Lecturas	C5 C6 C7	0	30	30
Aprendizaxe servizo	A1 A5 A6 A7 A9 A15 A19 A20 A21 B1 B3 B6 C5	7	25	32
Simulación	A6 A11 A15 A19 C1 C3	2	8	10
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A exposición maxistral é moi reducida, sendo que esta se complementa con actividades de aprendizaxe cooperativa, de construcción de coñecemento a partir de lecturas previas, buscando que o alumnado se sitúe fronte aos contidos abordados e constrúa saber.



Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa convxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. As propias ferramentas empregadas preséntanse como estratexias de traballo na dinamización da participación social e comunitaria no ámbito do tempo libre, polo que se coida a reflexividade sobre a propia técnica de aprendizaxe.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión.
Discusión dirixida	A partir de lecturas previas, e empregando estratexias de debate en pequeno grupo, o alumnado debaterá sobre temas que suscitan o seu interese e que os confronta coa realidade social e profesional (a vivencia dos tempos, a experiencia do lecer, etc.)
Lecturas	Conxunto de textos e documentación escrita que permiten afondar nos contidos traballados. En ocasións as lecturas deberán realizarse de forma previa, para permitir o traballo activo do alumnado na sesión de clase.
Aprendizaxe servizo	Contando coa colaboración dunha entidade social (non necesariamente específica para o tempo libre pero que traballe o lecer), oso alumnado terá que desenvolver e estimular unha actividade de tempo libre. Para iso, debe ter en conta os factores que afectan á experiencia de lecer do colectivo (previamente abordada) así como os factores institucionais, enmarcando a súa acción dentro dos proxectos desenvolvidos pola entidade.
Simulación	Baséase na solicitude de elaboración dunha programación de tempo libre propondo situacóns similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizarlas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada, ben en sesións de aula, ou en tutorías en pequeno grupo ou individuais, relaciónnase coa necesidade dun seguimento do traballo do alumnado, especialmente nas metodoloxías de aprendizaxe colaborativa e aprendizaxe servizo.
Aprendizaxe servizo	A realización dunha tutoría a inicio de curso será, para as persoas non asistentes, de obrigado cumprimiento, en consenso co/a profesor/a.  Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A5 A7 A9 A21	Valórarse a presenza e implicación no desenvolvemento das clases, tanto prácticas (dinámicas de xogos, habilidades comunicativas, obradoiro de animación teatral...) como teóricas así como nos encontros con experiencias e profesionais do sector	10
Aprendizaxe colaborativa	A20	Actividades de aprendizaxe colaborativa que acompañan os contidos da materia, desenvoltas tanto nas sesións de clase como no traballo autónomo do alumnado e que, normalmente, implican lecturas previas.	20
Estudo de casos	B1 B3 B4	Valorarase as achegas razonadas do alumno/a. A súa capacidade de ligar os coñecementos desta e doutras materias, a madurez nas reflexións, a referencia a lecturas e a propia bagaxe experiencial do alumno/a.	35



Aprendizaxe servizo	A1 A5 A6 A7 A9 A15 A19 A20 A21 B1 B3 B6 C5	Implica a elaboración e, de ser o caso, posta en marcha dun programa de lecer, vinculado ao traballo desenvolvido por unha entidade social. É de carácter grupal.	35
---------------------	--	---	----

#### Observacións avaliación

As persoas que non acadan un mínimo do 80% das sesións presenciais ou que dispoñan de dispensa académica por motivos xustificados, de querer superar a materia deberán:

Realizar un traballo que comprende: estudo de caso (30%), exercicios tipo ensaio a partir das lecturas (30%); elaboración dunha programación (40%). A realización dunha titoría a inicio de curso será, para estas persoas, de obrigado cumprimento en consenso co/a profesor/a.

Na

realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento

#### Fontes de información

Bibliografía básica	Caballo, B. (2009). Os desafíos socioprofesionais do traballo en ocio e tempo libre, en Otelo, C. (coord.). La pedagogía del ocio: nuevos desafíos, pp. 26-31. Lugo: Editorial AXAC.Caballo, B. e Fraguera, R. (coords.) (2005): A acción municipal no tempo libre. Deputación da Coruña: A Coruña. Colección Cadernos Temáticos interea. Caride, J.A. (2004). Lo que el tiempo educa: el ocio como construcción pedagógica y social. Arbor Ciencia, Pensamiento y Cultura. Vol. 188 - 754 marzo-abril (2012) 301-313 ISSN: 0210-1963. doi: 10.3989/arbor.2012.754n2004 Cuenca, M. (2004): Pedagogía del Ocio: modelos y propuestas. Bilbao: Universidad de Deusto. Dumazedier, J. (1968). Hacia una civilización del ocio. Barcelona: Estela. Puig, J.M. e Trilla, J. (1987). Pedagogía del ocio. Barcelona: Laertes.San Salvador, R. (2000): Políticas del ocio: cultura, turismo, deporte y recreación. Instituto de Estudios del Ocio: Bilbao.Ucar, X. (1992): El teatro en la animación sociocultural. Técnicas de intervención. Diagrama: Barcelona. Ventosa, V. (1996): La expresión dramática como medio de animación en educación social. Fundamentos, técnicas y recursos. Amaru: SalamancaRivasés, M. (2017). Ludopedagogía. Jugar para conocer, conocer para transformar. Madrid: Fundación InteRedTonucci, F. (1997). La ciudad de los niños. Barcelona: Editorial Graó.Trilla, J. (2010). Tres pedagogías del ocio y una más. Educación Social, 11, 57-71.Rosa Marí Ytarte, Pablo A. Cantero Garlito, Eduardo S. Vila Moreno (2017). Ocio, bienestar y calidad de vida en terapia ocupacional. Madrid : Síntesis.Aurora Madariaga Ortuzar y Ana Ponce de León Elizondo (editoras) (2018). Ocio y participación social en entornos comunitarios. Logroño : Universidad de la Rioja, Servicio de PublicacionesFernando Bayón, Carmen Palmero (coords.) (2018). Sociedad del ocio y políticas de la cultura : una mirada interdisciplinar desde las Ciencias Humanas. Burgos : Universidad de Burgos.WRLA (1993). Carta internacional para la educación del ocio. Accesible en: <a href="https://docplayer.es/13555913-Carta-internacional-para-la-educacion-del-ocio.html">https://docplayer.es/13555913-Carta-internacional-para-la-educacion-del-ocio.html</a>
---------------------	---



Bibliografía complementaria	<p>Bantulá, J. (2001). Juegos motrices cooperativos. Paidotribo: Barcelona.</p> <p>Barba, M., Morán, M. C. e Cruz, L. (2017). Animación sociocultural en prisión. Experiencia en el centro penitenciario de Monterroso. Madrid: Popular.</p> <p>Baroja, V. e Sebastiani, E. (2000): Unidades didácticas para secundaria IV. Jugar, jugar, jugar. INDE: Barcelona.</p> <p>Bauman, Z. (2010). Tiempos líquidos. Vivir en una época de incertidumbre. Barcelona, Tusquets.</p> <p>Bóscolo, Luigi y Bertrando, Paolo. (1996) Los tiempos del tiempo, Barcelona, Paidós.</p> <p>Cañas, J. (1994). Didáctica de la expresión dramática. Oactaedro: Barcelona.</p> <p>Carbajo, M.C. (2010). Mitos y estereotipos sobre la vejez. Propuesta de una concepción realista y tolerante, en ENSAYOS, Revista de la Facultad de Educación de Albacete, Nº 24, 2010. (Enlace web: <a href="http://www.uclm.es/ab/educacion/ensayos">http://www.uclm.es/ab/educacion/ensayos</a>)</p> <p>Caride, J. A. e Trillo, F. (coords) (2011). Dicionario galego de pedagogía. Galaxia: Vigo.</p> <p>Caride, J. A. e Vieites, M. (coords) (2006). De la educación social a la animación teatral. Trea: Gijón.</p> <p>Castro, M. e otros (2007). La escuela en la comunidad. La comunidad en la escuela. Grao: Barcelona.</p> <p>Castro, M. e otros (2008). Educación Social e Escola. Nova Escola Galega. Santiago.</p> <p>Chacón, F. e Vecino, M. (2006). Cómo trabajar con adolescentes en el tiempo libre. Zaragoza: Certeza.</p> <p>Cuenca, M. (2011). El ocio como ámbito de la educación social. Revista de Educación Social, 47, 25-40.</p> <p>Cuenca, M. E Aguilar, E. (2009). El tiempo del ocio: transformaciones y riesgos en la sociedad apresurada. Universidad de Deusto: Bilbao. Accesible en: <a href="http://www.deusto-publicaciones.es/deusto/pdfs/ocio/ocio36.pdf">http://www.deusto-publicaciones.es/deusto/pdfs/ocio/ocio36.pdf</a></p> <p>Del Pino, J. A.; Dauso, A. e Martínez, R. (2001). Prácticas de ocio, cambio cultural y nuevas tecnologías en la juventud española de fin de siglo. Madrid: CCS.</p> <p>Devos, F. (2006). Jóvenes pero alcanzables. Fundación Autor: Madrid.</p> <p>Devos, F. e otros (2009). Infancia, juventud y comunicación. Fundación Autor: Madrid.</p> <p>Díaz, M. E Ost, N. (2012). Jugar y actuar. Nuestras armas para la paz. Madrid: Fundación InteRed.</p> <p>Durán, J.F. (2014). Tiempos líquidos. Configuraciones de la temporalidad actual en la obra de Zygmunt Bauman, Aposta. Revista de Ciencias Sociales, 60, 1-25.</p> <p>Durán, J.F. (2014). Tiempos líquidos. Configuraciones de la temporalidad actual en la obra de Zygmunt Bauman, Aposta. Revista de Ciencias Sociales, 60, 1-25.</p> <p>Eines, J. e Mantovani, A. (1997). Didáctica de la dramatización. Gedisa: Barcelona.</p> <p>Fraguela, R.; Lera, A. e Varela, L. (2002). Contribución al desarrollo grupal a través de actividades motrices. Revista galego-portuguesa de psicoloxía e educación, vol. 8, p.9-26.</p> <p>Froufe, S. (1998). Técnicas de grupo en animación comunitaria. Amarú: Salamanca.</p> <p>Heidegger, Martin (2003). El concepto de tiempo, Madrid.</p> <p>Trotta.Honoré, Carl (2006). Elogio de la lentitud, Barcelona, RBA.</p> <p>Hoyuelos, Alfredo. Vivir los tiempos emocionados de la infancia, en Cabanellas, I.; Eslava, J. J.;</p> <p>Polonio, R., Ritmos infantiles. Tejidos de un paisaje interior, Barcelona, Rosa Sensat-Octaedro (en prensa).</p> <p>Lafargue, P. (2011). El derecho a la pereza. Madrid: Maia Editores.</p> <p>Motos, T. (1983). Iniciación a la expresión corporal. Humanitas: Barcelona.</p> <p>Motos, T. (1987). Prácticas de Dramatización. Humanitas: Barcelona.</p> <p>Novo, M. (2010). Despacio, despacio. 20 razones para ir más lentos por la vida. Barcelona: Ediciones Obelisco.</p> <p>Palacios, J. (1999). Iniciación a la expresión corporal. Humanitas: Barcelona.</p> <p>Xaniño: A Coruña.</p> <p>Pantoja, L. (1998) (coord). Nuevos espacios de la educación social. ICE: Bilbao.</p> <p>Ripoll, O. (2006). El juego como herramienta educativa, Revista de Educación Social, 33, 11-26.</p> <p>Setién, M. e López, A. (edit) (2003): Mujeres y ocio. Nuevas redes de espacios y tiempos. Instituto de Estudios del Ocio: Bilbao.</p> <p>Tejerina, I. (1994): Dramatización y teatro infantil. Siglo XXI: Madrid.</p> <p>Valle, J. (2017): La razón también tiene sentimientos. Culbuks: Sevilla.</p> <p>Yubero, S.; Caride, J. A.; Pose, H. e Larrañaga, E. (2016). Educación social y alfabetización lectora. Síntesis: Madrid.</p> <p>Vial, J. (1988): Juego y educación: las ludotecas. Akal: Madrid.</p> <p>Revista de Educación Social (2006). Monográfico "El Juego, herramienta educativa", mayo-agosto.</p> <p>O profesorado, ao longo do cuatrimestre, irá presentando otras fontes bibliográficas e de boas prácticas que sexa novidade editora ou que respondan a algún caso específico do ámbito que nos ocupa: un proxecto municipal ou doutro axente socioeducativo, un video, noticia de prensa, etc.</p>
-----------------------------	---

## Recomendacións

## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Animación e xestión sociocultural/652G03017

## Materias que se recomenda cursar simultaneamente

## Materias que continúan o temario

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Administración local e acción cultural e educativa/652G03040

## Observacións

Non se

admitirán traballos dos que o/a profesora non teña constancia da súa realización.

As datas de

entrega dos traballos son propostas con antelación suficiente, polo que, logo de seren consensuadas no grupo-clase, e agás casos moi excepcionais coa debida xustificación, estas son inamovibles.

Seguiranse

en cada caso as indicacións dadas na aula para a realización dos traballos e actividades de avaliación, que tamén se atoparán colgadas no Moodle.

Os

traballos presentaranse en formato dixital e sempre axeitadamente identificados (nome da alumna/o, curso, grupo, equipo, materia e nome da docente). Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Igualmente, débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

En consonancia

coa integración dunha perspectiva feminista nesta materia, traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

Facilitarase

a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada.

O

calendario de titorías está exposto na web da Facultade e no taboleiro da porta do despacho.&nbsp;

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías